

Convocatoria premio de Investigación Agrupa

Bases reguladoras e convocatoria da III edición do Premio de Investigación Agrupa.

Se ben o fomento da investigación entre os funcionarios e as funcionarias do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia non está recollido expresamente como un dos fins desta asociación, cómpre ter en conta que os seus Estatutos, no momento de delimitar os seus obxectivos, apostan por realizar unha enumeración aberta que conclúe coa precisión de que lle corresponde "procurar a consecución de calquera outro fin que redunde en beneficio dos seus asociados".

Con carácter xeral pódese dicir que a investigación é o modo que ten o ser humano de chegar a adquirir novos coñecementos e isto, aplicado ao eido da Administración, permite concluír que sen investigación non resulta posible avanzar na consecución dunha organización administrativa moderna e adaptada aos cambios que decontino se producen na nosa sociedade. Por tal razón, non é suficiente con que o persoal funcionario estea formado no coñecemento da lexislación que ten que aplicar e no uso das ferramentas que está a súa disposición para desempeñar as súas funcións, senón que, ademais, resulta conveniente fomentar nel a curiosidade por afondar nos motivos polos que se establece o marco regulador no que desenvolve as súas labores diarias; por comparar os distintos modelos de intervención administrativa existentes de cara a poder responder ás dúbidas que se lle poden presentar e poder así determinar se os instrumentos normativos dos que dispón son mellorables e en que aspectos poden ser reforzados; e, finalmente, inducilo á reflexión e ao debate acerca das necesidades que detecta na sociedade á que aspira a servir e sobre as solucións que considera pode achegar.

Así, a convocatoria deste premio está inspirada pola idea de que o fomento do esforzo investigador en xeral, e a realización de estudos sobre a Administración en particular, son iniciativas que buscan redundar en beneficio dos asociados e asociadas pois, afrontar o proxecto de realizar un traballo de investigación, contribuirá a dotar á persoa responsable deste dun mellor coñecemento da realidade sobre a que debe proxectar o exercicio das súas funcións, servindo ademais para comezar a nutrir un acervo que se poida poñer en común para toda persoa asociada, unha fonte de coñecemento que lles poida ser útil como apoio e como medio para a resolución das súas dúbidas e mesmo de motivación para traballar nesa ou noutras liñas de investigación.

En consecuencia, en uso das atribucións que teño conferidas e con fundamento nos Estatutos da Asociación

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobar a convocatoria do III Premio Agrupa de Investigación, de acordo coas seguintes bases reguladoras:

Primeira. Obxecto e réxime xurídico

1. O obxecto do premio é fomentar e distinguir traballos de estudo e investigación sobre a lexislación e xurisprudencia que sexa de aplicación á Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A concesión do premio rexerese por estas bases.

Segunda. Persoas destinatarias

1. Poderán participar nesta convocatoria os/as funcionarios/as do corpo que estean asociados/as no momento de presentar a solicitude. Gardarase reserva sobre a identidade de cantas persoas participen no premio, e unicamente serán obxecto de publicidade o nome e apelidos da persoa ou persoas gañadoras deste.
2. Non poderán participar nesta convocatoria as persoas que no período de entrega dos traballos formen parte da Xunta Directiva da Asociación nin as persoas que formen parte do Xurado.

Terceira. Dotación do premio

1. Concederanse un total de dous premios coa seguinte dotación:

1º Premio. Premio en metálico dotado de 350 euros. Así mesmo, este premio levará aparelado a posibilidade de que o traballo galardado sexa publicado nunha das revistas editadas pola Escola Galega de Administración Pública, previa adaptación aos requisitos esixidos polas normas de publicación destas e se así o determina o seu equipo editorial. Tamén se lle entregará á candidatura gañadora un diploma acreditativo de tal condición.

2º Premio. Premio en metálico dotado de 150 euros.

2. A concesión destes premios estará suxeita á correspondente retención fiscal.
3. O Xurado poderá ademais acordar o outorgamento das mencións especiais que considere oportunas.

Cuarta. Traballos de investigación

1. Os traballos serán orixinais, inéditos e non premiados con anterioridade. Teranse por inéditos aqueles traballos que non fosen obxecto de divulgación ou publicación nos termos da lexislación de propiedade intelectual. En consecuencia, non se considerarán inéditos aqueles que fosen publicados, divulgados ou postos a disposición do público, por medios telemáticos, xa sexa internet ou outras redes.
2. As persoas interesadas estarán obrigadas a comunicarlle á Xunta Directiva a publicación do traballo ou a concesión dun premio tan axiña como se producise, e sempre antes de que se resolva a concesión deste premio.

3. Os traballos deberán suxeitarse ás seguintes condicións:

- a) Deberán estar escritos nalgunha das dúas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Deberán conter un número de entre 30.000 e 40.000 caracteres.
- c) Deberán ser presentados a un espazo e medio, con formato de fonte Times New Roman, tamaño 12.

4. O incumprimento dalgunha das condicións anteriores dará lugar ao rexeitamento do traballo que se terá por non presentado.

Quinta. Forma, lugar e prazo de presentación dos traballos

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medio do envío dun correo electrónico ao enderezo corposuperior.santiago@xunta.gal debendo facer constar no asunto do correo o nome e apelidos da persoa participante así como a referencia ao Premio de Investigación Agrupa.

2. As solicitudes deberán formalizarse de acordo co modelo colgado na web e deberán ir asinadas electronicamente.

3. As solicitudes acompañaranse da seguinte documentación:

- a) O traballo.
- b) Declaración responsable de que o traballo é orixinal, inédito e non premiado con anterioridade.

Co obxecto de garantir o anonimato, no arquivo que conteña os traballos de investigación presentados non figurará ningún dato persoal da persoa autora deles, senón unicamente o título na primeira páxina. Nesta mesma liña a Xunta Directiva manterá custodiada a identidade do/a autor/a ata que o xurado emita o seu veredicto.

4. O prazo de presentación das solicitudes e dos traballos finalizará o 31 de xaneiro de 2026, ás 23.55 h.

Sexta. Xurado

1. O exame dos traballos presentados e, de ser o caso, a proposta de adxudicación do premio corresponderalle a un Xurado, que estará composto por tres persoas con experiencia contrastada no ámbito académico e da Administración pública, con competencia e preparación axeitada. As persoas que integrarán o Xurado serán nomeados pola persoa que ocupe a Presidencia da Xunta Directiva da Asociación. A composición nominal do Xurado farase pública na páxina web da Asociación.

2. O fallo do Xurado, que será inapelable, terá lugar no prazo de dous meses contados desde o último día de prazo para a presentación das solicitudes.
3. O Xurado poderá propoñer deixar deserto o premio, cando, ao seu xuízo, ningún dos traballos presentados acade o nivel mínimo que o propio Xurado determine.
4. O funcionamento do Xurado adaptarase ás normas contidas na sección 3.^a Órganos colexiados das distintas Administracións Públicas do Capítulo II, Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Sétima. Criterios de avaliación

No proceso de avaliación, o Xurado terá en conta os seguintes criterios de valoración: interese, relevancia e carácter innovador do estudo; calidade científica do traballo, rigor metodolóxico, emprego de fontes documentais e elaboracións de conclusións; significación, utilidade e incidencia dos resultados achegados na teoría e/ou práctica administrativa e, por último, a corrección e claridade da expresión escrita, da exposición e da presentación xeral do traballo.

Oitava. Publicidade e entrega do premio

1. A concesión do premio será comunicada individualmente á persoa galardoada e será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Asociación.
2. A entrega do premio realizarase nun acto público que se celebrará na data que se comunicará oportunamente.

Novena. Cesión de dereitos

1. A presentación a este premio implicará, no caso de obter algún dos premios, a cesión dos dereitos de edición, uso e explotación en favor da Asociación do Corpo Superior durante un período de cinco anos contados desde o día da notificación da adxudicación do premio.
2. A presentación a este premio implicará a cesión do dereito a ser publicado na web da Asociación nun repositorio accesible ás persoas asociadas.
3. A compensación económica polos dereitos de explotación que lle puidese corresponder ao autor considerarase incluída na dotación do premio.

Décima. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos nas solicitudes, cuxo tratamento e publicación autorizarán as persoas interesadas mediante a súa presentación, serán incluídos nun rexistro das actividades de tratamento. A responsable deste ficheiro é a Asociación de Funcionarios do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia. Os dereitos de acceso,

rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición poderanse exercer ante a súa Xunta Directiva mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: EGAP, rúa Madrid 2-4, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico corposuperior.santiago@xunta.gal

Undécima. Aceptación dos termos da convocatoria e normativa reguladora

A presentación da candidatura e do traballo implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela, na data sinalada ao marxe
José Carlos Fagín Taboada

Presidente da Xunta Directiva da Asociación